Realización dos ensaios destrutivos practicamente, empregando os equipos dispoñibles no laboratorio de ensaios. - A partir dunhas probetas de ensaio normalizadas e de diferentes materiais, sacaremos as conclusións oportunas de o que lle sucede ao material durante os ensaios	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Presentación, por parte do profesor/a da UD; os seus obxectivos, os contidos e os tipos de actividades que se desenvolverán, situando esta UD no módulo.</li> <li>• Exposición do profesor/a das diferenzas entre os diferentes tipos de ensaios realizados en F.M, profundizando na exposición dos ensaios mecánicos destrutivos: dureza, resiliencia, tracción</li> <li>• Presentación dos equipos disponibles na aula Laboratorio de ensaios para a realización práctica dos devanditos ensaios.</li> <li>• Preparación dos materias que se van a ensaiar (Terase en conta que xa foron vistos en unidades anteriores) e tamén das dimensións normalizadas das probetas a estudar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realizaranse os ensaios segundo as indicacións dadas, relacionando o tipo de ensaio coas características que queremos controlar dese material.</li> <li>• Prestará especial atención o dimensionado da probeta empregada no ensaio.</li> <li>• O alumno realizará o seguemento do ensaio elaborando un informe do que desenrolará os diversos campos especificados.</li> <li>• Comprobará a calibraxe dos equipos empregados no ensaio, así como o correcto funcionamento dos mesmos, prestando especial atención á súa conservación e mantemento.</li> <li>• Realizará labores de limpeza e mantemento para poder deixar os equipos en perfecto estado.</li> <li>• Prestará especial atención a normas de Seguridade e Prevención para evitar riscos á hora de manipular os equipos de ensaio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Probetas de ensaio en diferentes materiais e coas dimensións normalizadas.</li> <li>• Informe de ensaio cuberto en prazo e forma esixido polo profesor/a.</li> <li>• Exercicios e Problemas resoltos</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• ¿Fotocopias, apuntes e documentación en papel.</li> <li>• Máquina Universal de ensaios.</li> <li>• Durómetro</li> <li>• Péndulo de Charpy</li> <li>• Máquina Universal de ensaios.</li> <li>• Ordenador con conexión a internet.</li> <li>• Proxector para a proposta de exercicios na aula</li> <li>• Catálogos técnicos</li> <li>• Probetas obtidas no taller mecánico.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• OU.1 - Examen teórico-práctico</li> <li>• OU.2 - Prácticas de ensaios</li> <li>• OU.3 - Prácticas de ensaios</li> <li>• OU.4 - Prácticas de ensaios</li> <li>• OU.5 - Prácticas de ensaios e informe</li> <li>• OU.6 - Prácticas de ensaios</li> <li>• OU.7 - Prácticas de ensaios</li> <li>• OU.8 - Prácticas de ensaios</li> <li>• OU.9 - Prácticas de ensaios</li> <li>• OU.10 - Prácticas de ensaios</li> <li>• OU.11 - Prácticas de ensaios</li> <li>• OU.12 - Prácticas de ensaios</li> <li>• OU.13 - Prácticas de ensaios</li> <li>• OU.14 - Entrega dun informe técnico</li> <li>• OU.15 - Prácticas de ensaios</li> <li>• PE.1 - Examen teórico-práctico</li> <li>• PE.2 - Examen teórico-práctico</li> <li>• PE.3 - Examen teórico-práctico</li> <li>• PE.4 - Examen teórico-práctico</li> <li>• PE.5 - Examen teórico-práctico</li> <li>• PE.6 - Examen teórico-práctico</li> <li>• PE.7 - Prácticas de ensaios</li> <li>• PE.8 - Prácticas de ensaios</li> </ul>	12,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Realización dos cálculos oportunos que axuden a sacar conclusións dos resultados obtidos mediante o ensaio práctico. - Comprobar o modelo teórico co práctico	<ul style="list-style-type: none"> <li>Facilitar os boletíns de problemas a cada un dos alumnos e facilitará que os alumnos teñan os problemas tipo resoltos</li> <li>Fomentará entre os alumnos o traballo persoal na casa para que na clase se resolvan as dúbidas mais importantes</li> <li>Realizarase o seguemento das correccións na aula promovendo a participación do alumno como protagonista da súa aprendizaxe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>O alumno resolverá os problemas e colaborará na axuda dos compañeiros que lla requiran, previa petición de permiso ó profesor/a.</li> <li>Deberá resolver os problemas no seu caderno, con boa presentación, expresandoe remarcando o resultado obtido de xeito que o docente poida realizar o seguemento do traballo requerido de xeito eficaz.</li> <li>O alumno resolverá, cando o docente así llo pida exercicios na pizarra do aula, para que os posible erros que poida haber sexan valorados e corrixidos por todo o grupo de alumnos.</li> <li>Promoverá o traballo ben feito e o correcto emprego de vocabulario técnico, unidades e conversións.(Xa potenciado en UD anteriores)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Exercicios e Problemas resoltos</li> <li>Informe de ensaio cuberto en prazo e forma esixido polo profesor/a.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Boletín de exercicios</li> <li>Calculadora</li> <li>Proxector e PC</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>OU.1 - Examen teórico-práctico</li> <li>OU.2 - Prácticas de ensaios</li> <li>OU.3 - Prácticas de ensaios</li> <li>OU.4 - Prácticas de ensaios</li> <li>OU.5 - Prácticas de ensaios e informe</li> <li>OU.6 - Prácticas de ensaios</li> <li>OU.7 - Prácticas de ensaios</li> <li>OU.8 - Prácticas de ensaios</li> <li>OU.9 - Prácticas de ensaios</li> <li>OU.12 - Prácticas de ensaios</li> <li>OU.14 - Entrega dun informe técnico</li> <li>PE.1 - Examen teórico-práctico</li> <li>PE.2 - Examen teórico-práctico</li> <li>PE.3 - Examen teórico-práctico</li> <li>PE.4 - Examen teórico-práctico</li> <li>PE.5 - Examen teórico-práctico</li> <li>PE.6 - Examen teórico-práctico</li> <li>PE.7 - Prácticas de ensaios</li> <li>PE.8 - Prácticas de ensaios</li> </ul>	23,0
<b>TOTAL</b>						<b>35,0</b>



#### 4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Ensaio non destrutivos I: Inspección Visual, Líquidos Penetrantes, Radiográficos, Ultrasóns, Partículas Magnéticas e Correntes Inducidas	25

#### 4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Prepara instrumentos e equipamentos de ensaios destrutivos e non destrutivos, para o que selecciona os útiles e aplica as técnicas e os procedementos requiridos.	NO
RA2 - Controla características e propiedades do produto fabricado, mediante o cálculo do valor do parámetro e a comparación dos resultados coas especificacións do produto.	NO
RA3 - Actúa consonte procedementos e normas de calidade asociadas ás competencias do perfil profesional, en relación cos sistemas e os modelos de calidade.	SI

#### 4.6.c) Obxectivos específicos da unidade didáctica

Obxectivos específicos	Act	Título das actividades	Duración (sesións)
1.1 Descríbir conceptos relacionados cos ensaios non destrutivos. Descríbense os esforzos que pode sufrir un material: tracción, compresión, flexión, torsión e cortadura. Descríbense os ensaios non destrutivos de inspección visual, líquidos penetrantes, radiografías, ultrasóns, partículas magnéticas e correntes inducidas. Comprobar a calibraxe do instrumento de ensaios. Utilizar o vocabulario específico relacionado coa materia. Relacionar os non destrutivos coas características que controlan. Valorar a necesidade dun traballo ordenado e metódico na preparación dos equipamentos. Realizar as operacións de limpeza e mantemento necesarias para o seu correcto funcionamento	1	Realízanse exercicios de cálculo, relativos ós ensaios correspondentes. Se realízan os ensaios prácticos, sempre que os equipamento do laboratorio o permitan..	15,0
2.1 Relacionar os resultados teóricos cos prácticos	2	Realización de boletíns de problemas propostos para ampliar conceptos expostos teóricamente	10,0
<b>TOTAL</b>			<b>25</b>

#### 4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA1.1 Descríbense conceptos relacionados cos ensaios destrutivos e non destrutivos.	● PE.1 - Examen teórico-práctico	S	10
CA1.2 Descríbense as condicións de temperatura, humidade e limpeza que deben cumprir as pezas que se vaian medir e os equipamentos de medición, para proceder ao seu control.	● PE.2 - Examen teórico-práctico	S	10
CA1.4 Comprobase a calibraxe do instrumento de medida.	● OU.1 - Práctica laboratorio	S	5
CA1.5 Descríbense as características construtivas e os principios de funcionamento dos equipamentos.	● PE.3 - Examen teórico-práctico	S	10
CA1.6 Valorouse a necesidade dun traballo ordenado e metódico na preparación dos equipamentos.	● PE.4 - Examen teórico-práctico	S	2
CA1.7 Realizáronse as operacións de limpeza e mantemento necesarias para o seu correcto funcionamento.	● OU.2 - Práctica laboratorio	S	2
CA2.4 Descríbense os ensaios non destrutivos de inspección visual, líquidos penetrantes, radiografías, ultrasóns, partículas magnéticas e correntes inducidas.	● OU.3 - Práctica laboratorio	S	10
CA2.5 Descríbense as máquinas e os instrumentos empregados nos ensaios destrutivos e non destrutivos, así como o procedemento.	● PE.5 - Examen teórico-práctico	S	9
CA2.6 Relacionáronse os ensaios destrutivos e non destrutivos coas características que controlan.	● PE.6 - Examen teórico-práctico	S	8
CA2.7 Explicáronse os erros máis característicos que se dan nos equipamentos e nas máquinas que se empregan nos ensaios, así como o xeito de os corrixir.	● PE.7 - Examen teórico-práctico	S	8

Cráterios de avaliación	Instrumentos de avaliación	Mínimos exixibles	Peso cualificación (%)
CA2.8 Preparáronse e acondicionáronse as materias e as probetas necesarias para a execución dos ensaios.	● OU.4 - Práctica laboratorio	S	2
CA2.9 Executáronse algúns dos ensaios e obtivéronse os resultados coa precisión requirida.	● OU.5 - Práctica laboratorio	S	2
CA2.11 Aplicáronse as normas de prevención de riscos laborais e as de protección ambiental.	● OU.6 - Práctica laboratorio	S	2
CA3.1 Explicáronse as características dos sistemas e dos modelos de calidade que afecten ao proceso tecnolóxico deste perfil profesional.	● OU.7 - Práctica laboratorio	S	2
CA3.2 Descríbense os elementos da infraestrutura da calidade e, dentro desta, a figura dos laboratorios de ensaios.	● OU.8 - Práctica laboratorio	S	2
CA3.3 Identifícanse as normas e os procedementos afíns ao proceso de fabricación ou control.	● OU.9 - Práctica laboratorio	S	2
CA3.4 Descríbense as actividades que cumpra realizar para manter os sistemas ou os modelos de calidade, nos procesos de fabricación asociados ás competencias desta figura profesional.	● OU.10 - Práctica laboratorio	S	2
CA3.5 Formalizáronse os documentos asociados ao proceso.	● OU.11 - Práctica de laboratorio con informe técnico	S	10
CA3.6 Valorouse a influencia das normas de calidade no conxunto do proceso.	● OU.12 - Práctica laboratorio	S	2
<b>TOTAL</b>			<b>100</b>

#### 4.6.e) Contidos

Contidos
Preparación de pezas para o seu ensaio.
Condições para realizar os ensaios.
Calibraxe.
Rigor na preparación.
Ensaos non destrutivos (END): inspección visual, líquidos penetrantes, radiografías, ultrasóns, partículas magnéticas e correntes inducidas.
Realización de ensaios.
Equipamentos utilizados nos ensaios.
Calibraxe e axuste de equipamentos de ensaios destrutivos e non destrutivos.
Formalización dos rexistros de calidade.
Conceptos fundamentais dos sistemas de xestión de calidade.
Normas aplicables ao proceso inherente a esta figura profesional.
Iniciativa persoal para achegar ideas e acordar procedementos.

#### 4.6.f) Actividades de ensino e aprendizaxe, e de avaliación, con xustificación de para que e de como se realizarán, así como os materiais e os recursos necesarios para a súa realización e, de ser o caso, os instrumentos de avaliación

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Realizáranse exercicios de cálculo, relativos ós ensaios correspondentes. Se realizarán os ensaios prácticos, sempre que os equipamento do laboratorio o permitan.. - Breve introdución a este tipo de ensaios	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Presentación, por parte do profesor/a da UD; os seus obxectivos, os contidos e os tipos de actividades que se desenvolverán, situando esta UD no módulo.</li> <li>• Fomentará entre os alumnos o traballo persoal na casa para que na clase se resolvan as dúbidas mais importantes</li> <li>• Realizarase o seguimento das correccións na aula promovendo a participación do alumno como protagonista da súa aprendizaxe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realizáranse os ensaios segundo as indicacións dadas, relacionando o tipo de ensaio coas características que queremos controlar dese material.</li> <li>• Prestará especial atención o emprego dos procedementos de ensaio a empregar.</li> <li>• O alumno realizará o seguimento do ensaio elaborando un informe do que desenvolverá os diversos campos especificados.</li> <li>• Comprobará o correcto funcionamento dos equipos, prestando especial atención á súa conservación e mantemento.</li> <li>• Realizará labores de limpeza e mantemento para poder deixar os equipos en perfecto estado.</li> <li>• Prestará especial atención a normas de Seguridade e Prevención para evitar riscos á hora de manipular os equipos de ensaio.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Pezas para realizar os ensaios en diferentes materiais.</li> <li>• Informe de ensaio cuberto en prazo e forma esixido polo profesor/a.</li> <li>• Exercicios e Problemas resoltos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Boletín de exercicios</li> <li>• Calculadora</li> <li>• Líquidos Penetrantes</li> <li>• Equipo de Ultrasóns</li> <li>• Apuntes e Bibliografía</li> <li>• Aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• OU.1 - Práctica laboratorio</li> <li>• OU.2 - Práctica laboratorio</li> <li>• OU.3 - Práctica laboratorio</li> <li>• OU.4 - Práctica laboratorio</li> <li>• OU.5 - Práctica laboratorio</li> <li>• OU.6 - Práctica laboratorio</li> <li>• OU.7 - Práctica laboratorio</li> <li>• OU.8 - Práctica laboratorio</li> <li>• OU.9 - Práctica laboratorio</li> <li>• OU.10 - Práctica laboratorio</li> <li>• OU.11 - Práctica de laboratorio con informe técnico</li> <li>• OU.12 - Práctica laboratorio</li> <li>• PE.1 - Examen teórico-práctico</li> <li>• PE.2 - Examen teórico-práctico</li> <li>• PE.3 - Examen teórico-práctico</li> <li>• PE.4 - Examen teórico-práctico</li> <li>• PE.5 - Examen teórico-práctico</li> <li>• PE.6 - Examen teórico-práctico</li> <li>• PE.7 - Examen teórico-práctico</li> </ul>	15,0

Que e para que	Como			Con que	Como e con que se valora	Duración (sesións)
Actividade (título e descrición)	Profesorado (en termos de tarefas)	Alumnado (tarefas)	Resultados ou produtos	Recursos	Instrumentos e procedementos de avaliación	
Realización de boletíns de problemas propostos para ampliar conceptos expostos teóricamente - Realización de problemas e cuestións para ampliar os conceptos teóricos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>Facilitar os boletíns de problemas a cada un dos alumnos e facilitará que os alumnos teñan os problemas tipo resoltos</li> <li>Fomentar entre os alumnos o traballo persoal na casa para que na clase se resolvan as dúbidas mais importantes</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>O alumno resolverá os problemas e colaborará na axuda dos compañeiros que lla requiran, previa petición de permiso ó profesor/a.</li> <li>Deberá resolver os problemas no seu caderno, con boa presentación, expresandoe remarcando o resultado obtido de xeito que o docente poida realizar o seguemento do traballo requerido de xeito eficaz.</li> <li>O alumno resolverá, cando o docente así llo pida exercicios na pizarra do aula, para que os posible erros que poida haber sexan valorados e corrixidos por todo o grupo de alumnos.</li> <li>Promoverá o traballo ben feito e o correcto emprego de vocabulario técnico, unidades e conversións.(Xa potenciado en UD anteriores)</li> <li>Realizar o seguemento das correccións na aula promovendo a participación do alumno como protagonista da súa aprendizaxe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Caderno do alumno debidamente presentado</li> <li>Exercicios e Problemas resoltos.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Boletín de exercicios</li> <li>Calculadora</li> <li>Aula</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>OU.3 - Práctica laboratorio</li> <li>OU.6 - Práctica laboratorio</li> <li>OU.7 - Práctica laboratorio</li> <li>OU.8 - Práctica laboratorio</li> <li>OU.9 - Práctica laboratorio</li> <li>PE.1 - Examen teórico-práctico</li> <li>PE.2 - Examen teórico-práctico</li> <li>PE.3 - Examen teórico-práctico</li> <li>PE.4 - Examen teórico-práctico</li> <li>PE.5 - Examen teórico-práctico</li> <li>PE.6 - Examen teórico-práctico</li> </ul>	10,0
<b>TOTAL</b>						<b>25,0</b>

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

### ¿ Mínimos exigibles:

Os contidos mínimos esixibles serán os que permitan acadar os obxectivos mínimos esixibles xa establecidos nas unidades didácticas e reflectidos nas táboas dos apartados d) de cada unidade didáctica.

### ¿ Instrumentos xerais de avaliación

¿ Táboas de observación: Observarase, fundamentalmente, o interese mostrado por aprender, a motivación, a iniciativa cara o traballo realizado na clase, participación e colaboración cos compañeiros, etc.

¿ Listas de cotexo: Anotarase a asistencia regular e activa á clase, puntualidade, se trae os materiais necesarios para desenvolver as actividades.

¿ Probas escritas: Realizaranse 2 probas escritas ao longo de cada período de avaliación. O obxectivo destas probas é que o alumnado amose o grao no que acadou os obxectivos propostos.

¿ Traballos prácticos: O alumnado terá que entregar ao longo do curso unha selección de traballos prácticos propostos para comprobar en que nivel é capaz de desenvolver por si mesmo os contidos traballados na aula.

### ¿ Criterios de cualificación:

O módulo formativo de Formación e orientación laboral consta de 2 avaliacións que deberán ser superadas positivamente. Cada avaliación será avaliada da seguinte forma:

- o A cualificación estará comprendida entre 1 e 10 puntos, a puntuación mínima para superar o módulo é de 5 puntos en cada unha das avaliacións
- o Faranse dúas probas escritas de carácter teórico-práctico por avaliación que terán un valor do 70% da cualificación, o 20% será a media dos traballos obrigatorios que deberá ir entregando o alumnado en cada avaliación en prazo e forma e o 10% restante corresponderá á implicación amosada polo alumnado na materia reflectida nas táboas de observación e nas listas de cotexo.
- o Esixírase obter unha nota mínima de 4 puntos en cada unha das probas escritas das dúas realizadas en cada avaliación, tendo que ser a media destas igual ou superior a 4 puntos para poder facer media cos outros criterios de cualificación.
- o Nas probas escritas aparecerá ao lado de cada cuestión a súa cualificación de xeito que facilite o desenvolvemento da proba para o alumnado.
- o Os traballos prácticos terán que estar todos entregados e cualificados cada un deles cunha nota mínima de 5 puntos.
- o Os traballos prácticos non superados poderán ser repetidos, non obstante, a nota nunca será superior a 5 puntos.
- o Se durante a realización dunha proba escrita algún alumno copia esa proba será cualificada con 0 puntos.
- o Do mesmo xeito se na entrega ou na presentación dos traballos prácticos detéctase copia, eses traballos serán cualificados con 0 puntos.
- o O alumno que por algunha causa non xustificada convenientemente non asista a realización dun exame, cualificaráselle ese exame con 0 ptos.
- o O alumno que por causa xustificada non poida realizar unha proba escrita, terá que realizala noutra data consensuada co profesor.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Se ao remate da segunda avaliación o alumnado non acadou unha cualificación positiva deseñárase un proceso de recuperación individualizado no que deberá superar unha proba escrita de ser o caso, presentación dos traballos prácticos non superados de ser o caso ou ambas dúas cunha

ponderación de 70% e 30% respectivamente. A nota mínima da proba escrita tera que ser superior a 4 e todos os traballos prácticos esixidos deberán ser entregados e calificados como mínimo cunha nota de 5 puntos.

#### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

No mes de xuño, haberá unha proba escrita extraordinaria para o alumnado que perdeu o dereito a avaliación continua. Dita proba contará con cuestións teóricas e exercicios prácticos que abarcarán unha mostra representativa de todos os contidos do currículo, ao lado de cada cuestión aparecerá a súa cualificación de xeito que facilite o desenvolvemento da proba para o alumnado. Para superar o módulo, este alumnado deberá acadar como mínimo 5 puntos nesta proba.

#### **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

O seguimento da programación realizarase conforme a planeilla definida no documento de calidade o efecto.

As ferramentas continuas, da avaliación da práctica docente, que se utilizarán son as:

- Suxerencias do día a día xurdidas na aula.
- Reunións mensuais do departamento.
- Suxerencias realizadas polo alumnado nas avaliacións.

As ferramentas anuais, da avaliación da práctica docente, que se utilizarán son a:

- Enquisa de avaliación da práctica docente polo alumnado.
- Enquisa de autoavaliación do profesorado.
- Reunións do departamento:
- Mensualmente.
- o finalizar o curso: avaliación do PCC de ciclo.
- o principio de curso: incorporación e toma de acordos sobre o PCC do ciclo.

Todo o anterior facilitará a toma da aquelas correccións que sexan oportunas en canto a:

- Adecuación dos obxectivos as necesidades e características dos alumnos
- Selección, distribución e secuenciación equilibrada dos obxectivos e contidos de cada módulo.
- Idoneidade da metodoloxía, así como dos materiais curriculares e didácticos empregados.
- Validez dos criterios de avaliación e cualificación aplicados.

#### **8. Medidas de atención á diversidade**

##### **8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial**

A avaliación inicial farase en base a unha proba individual o primeiro día de clase, con contidos base de sistemas de medida e regulación, e a súa posterior posta en común de tal modo que o profesor tome o pulso o curso en relación os contidos previos que os alumnos deberían coñecer.

Esta proba non se terá en conta para a avaliación do alumnado, nin se recollerá, o só será unha forma de saber o nivel de coñecementos previos sobre o materia a impartir, e servirá de información o profesor de cara a necesidade de supoñer coñecementos xa adquiridos ou non.

### **8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados**

En función das dificultades que puidese atopar o alumnado, e tendo en conta que aproveita ó máximo o tempo de que dispón nas horas lectivas, considéranse as seguintes:

- Dedicación dalgunhas horas, en horario non lectivo acordado por ambas partes, para a realización de actividades programadas nas que puidesen atopar especial dificultade e/ou reforzar coñecementos, con explicacións en grupos máis reducidos si fose necesario.
- Utilización por parte do alumnado implicado de materiais de apoio.
- Concederlle maior tempo para a realización de determinadas actividades de ensino-aprendizaxe dentro do horario lectivo e nalgún caso a concesión dunha cualificación sen ter terminadas todas as actividades ou traballos considerados nun principio obrigatorios.

## **9. Aspectos transversais**

### **9.a) Programación da educación en valores**

Levaranse a cabo aquelas actividades da programación do PAT que afecte, no seu horario, a este módulo, así como calquera actividade pastoral, convivencias, que se programen dende o departamento de pastoral.

Ademais potenciaranse como temas transversais que os alumnos sexan capaces de:

- Acadar uns niveis adecuados de autoconhecimento con referencia a outras competencias laborais concretas dos módulos: nivel de responsabilidade que é capaz de asumir, capacitación persoal e técnica para desenvolverse no mundo do traballo,¿
- Realizar unha aproximación ó sentido da precisión e do traballo ben feito.
- Ter inquietude pola realización e proxección persoal no traballo ben feito.
- Establecer relacións positivas de traballo en equipo coas persoas do seu entorno.
- Ter sentido da colaboración e de respecto os demais.
- Comprometerse no cumprimento do deber.
- Mellorar no desenrolo dalgunhas competencias técnicas e persoais que favorecen o seu ingreso no mundo laboral.
- Ter sensibilidade ante propostas de solidariedade e corresponsabilidade no ámbito da súa aprendizaxe e do seu traballo.

### **9.b) Actividades complementarias e extraescolares**

Levaranse aquelas fixadas na PGA, ou aquelas que se acorden nas reunións do departamento ao longo do curso, e que afecten, no seu horario, a este módulo.

## **10.Outros apartados**

### **10.1) Integración de resultados de aprendizaxe non acadados**

Contidos non acadados no módulo Interpretación Gráfico de primeiro curso.

Para que o alumnado poida adquirir os resultados de aprendizaxe esenciais que non puideron desenvolverse no curso 2019/20 debido ás

circunstancias excepcionais derivadas do COVID-19, e tendo en conta os informes individualizados e/ou de grupo realizados ao finalizar o curso 2019/20 e o resultado da sesión da avaliación inicial, decídese integrar a impartición destes resultados de aprendizaxe nos módulos profesionais de segundo curso aínda que non sexan obxecto de avaliación específica.

A estes efectos e por afinidade curricular, os contidos non impartidos no módulo de Interpretación Gráfica do ano 2019/20 será impartidos no módulo de Metroloxía e ensaios do ano 2020/21. Estes contidos son:

RA1 - Determina a forma e as dimensións dos produtos para construír, interpretando a simboloxía representada nos planos de fabricación  
CA1.9 Caracterizáronse as formas normalizadas do obxecto representado: roscas, soldaduras, entalladuras, etc.

RA2 - Identifica os compoñentes dos produtos representados nos planos, determina as tolerancias de forma e dimensións, e outras características de cada elemento que integra o produto, e analiza e interpreta a información técnica contida nos planos de fabricación

CA2.3 Interpretáronse as tolerancias dimensionais, xeométricas e superficiais de fabricación dos obxectos representados.

CA2.4 Identificáronse os materiais do obxecto representado.

CA2.6 Determináronse os elementos de unión.

CA2.7 Valorouse a influencia dos datos determinados na calidade do produto final.

## 10.2) Desenvolvemento das ensinanzas a distancia.

De ser o caso de producirse un novo confinamento, as ensinanzas poden pasar a ser a distancia ou semipresenciais. De producirse este feito, a programación e os criterios de cualificación/recuperación poderán sufrir modificacións segundo as indicacións das autoridades educativas.

En previsión de que se produza este novo confinamento, darase preferencia cronolóxica a impartición dos contidos que permitan ao alumnado acadar as destrezas prácticas mínimas necesarias a desenvolver no seu posto de traballo. Deixando os contidos eminentemente teóricos do currículo sen impartir en previsión de este confinamento.

### 10.3.1. Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)

A metodoloxía a seguir para a distribución dos contidos teóricos das distintas unidades, tanto de repaso ou ampliación impartidos durante as distintas avaliacións desenrolarase mediante o envío de material teórico relacionado cas distintas unidades da programación en formato PDF a través da aula virtual do centro e unhas actividades de autoavaliación, que serán revisadas polo profesor.

Todas as tarefas serán deseñadas para que se poidan seguir a través do teléfono móbil sen necesidade de ordenador nin impresora. Para o alumnado sen conectividade poderase facer chegar (previa solicitude) as tarefas en papel a través da dirección do centro, recolléndooas en canto as circunstancias o permitan ou remitíndoas por correo postal o centro.

### 10.3.2 Información o alumnado e ás familias

Para informar o alumnado, o profesor empregará a Aula virtual do centro.

No caso que algún alumno ou alumna non poida ser contactado por este medio, poderá ser contactado por correo electrónico, postal ou telefónico a través do titor do ciclo. E responsabilidade do alumnado poñer todos os medios dispoñibles para facilitar o contacto co profesor.

Un alumno ou alumna que reporte problemas de conectividade, deberá contactar coa dirección do centro educativo, co fin de solventar a situación, ben a través de documentación en papel ou cesión de equipos informáticos.

### 10.3.3. Materiais e recursos



Para a impartición dos contidos faremos uso de material de elaboración propia, libros das materias en formato dixital, vídeos en youtube , páxinas web de acceso público. Vídeo-conferencia WEBEX, sempre e cando as condicións de conectividade do alumnado o permitan. Para o seguimento das actividades lectivas telemáticas podería ser suficiente cun teléfono móbil con conexión de datos.

### 10.3) Criterios de cualificación nun escenario de educación a distancia

Para acadar a avaliación positiva, o alumno debe obter unha puntuación mínima de cinco puntos, resultado de realizar a media de porcentaxes das unidades didácticas (UDs) impartidas durante o período de confinamento.

O non poder realizarse probas prácticas no centro educativo, no que se comprobará a adquisición das destrezas practicas indispensables para acadar os obxetivos e resultados de aprendizaxe asociados ó módulo, para cualificar o alumno en cada avaliación teremos en conta dous tipos de probas: probas puramente teóricas (50%) e exercicios prácticos/desenrollos (50%). A parte das probas teóricas fará media aritmética coa parte dos exercicios, sendo esta última a nota final de cada avaliación.

As probas teóricas consistirán na realización dun exame teórico a través da aula virtual do centro dos contidos impartidos en cada avaliación, capacitando o alumno nos resultados de aprendizaxe teóricos do módulo, quedando pendente os resultados de aprendizaxe relacionados coa práctica de taller que serán incorporados como actividade de formación ou nun módulo profesional a realizar no segundo curso. Estas probas teóricas tamén poderán ser orais ou escritas a través de video conferencia. A cualificación destas probas será de 1 sobre 10 e o alumno será informado da puntuación de cada cuestión antes de resolvela.

As probas prácticas consistirán nun ou mais exercicios/desenrollos/traballos, que se puntuarán de 0 a 10 puntos. Cada proba contará para a nota da parte práctica dacordo coa súa complexidade. O alumno deberá acadar unha nota superior a cinco para superar esta parte, e unha nota superior a catro para que faga media coa parte teórica. Cunha nota inferior a catro non se fai media coa parte teórica, e a nota final da avaliación e a mais baixa das dúas partes. Todas as actividades deberán ser entregadas en tempo e forma para que contén positivamente.

No caso dun alumno que perdera a avaliación continua antes de que se estableza o confinamento, estes criterios non son válidos e deberá presentarse a unha proba final.

### 10.4) Procedemento para a recuperación nun escenario de educación a distancia

#### 10.5.1. Procedemento para definir as actividades de recuperación

Os alumnos unicamente poderán recuperar de forma autónoma aquelas actividades ou traballos teórico prácticos que pola súa composición poidan ser realizados por calquera alumno fora de horas de clase. No caso de traballos prácticos no que o profesor teña que avaliar a destreza de cada alumno, non poderán realizarse nunca sen a supervisión do profesor do módulo.

O alumnado con algún traballo práctico non superado deberá recuperalo no período asignado para recuperación, dentro do horario establecido para o módulo e cando así se lle indique se a volta as aulas fose posible.

Antes do remate do curso escolar farase unha proba obxectiva teórica ou práctica ou ámbalas dúas de cada unha das partes non superadas polo alumno durante o curso (nota inferior a 5 puntos). As probas a realizar na recuperación serán similares ás da avaliación.

A proba consistirá na realización dun exame teórico a través da aula virtual do centro dos contidos impartidos na primeira e segunda avaliación, capacitando o alumno nos resultados de aprendizaxe teóricos do módulo quedando pendente os resultados de aprendizaxe relacionados coa práctica de taller que serán incorporados como actividade de formación ou nun módulo profesional a realizar no segundo curso .

A data de realización do exame por parte do alumnado será publicada coa suficiente antelación no taboleiro de anuncios, na páxina web e/ou na

aula virtual do centro educativo.

#### 10.5.2. Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Aquel alumnado que supere o límite de faltas de asistencia establecido na normativa aplicable en cada caso, perderá o dereito a ser avaliado en cada trimestre e terá que facer unha proba extraordinaria o final da terceira avaliación, para superar este módulo. A proba de avaliación extraordinaria variará en función se hai unha volta as aulas ou non.

A proba consistirá na realización dun exame teórico a través da aula virtual do centro dos contidos impartidos na primeira e segunda avaliación, capacitando o alumno nos resultados de aprendizaxe teóricos do módulo quedando pendente os resultados de aprendizaxe relacionados coa práctica de taller que poderán ser incorporados como actividade de formación ou nun módulo profesional a realizar no segundo curso

A data de realización do exame por parte do alumnado será publicada coa suficiente antelación no taboleiro de anuncios, na páxina web e/ou na aula virtual do centro educativo.

No caso de vola a ensinanza presencial, todas as probas poderán ser presenciais en vez de no aula virtual.